

PLAN DE ACOLLIDA

2020/2021

CEIP PÉREZ VIONDI

Este documento está elaborado en base ás **Instrucións do 30 de xullo 2020**, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, en relación ás medidas educativas que se deben adoptar no curso académico 2020/2021, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas da educación infantil, da educación primaria, da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato, nas que se indica que, co fin de facilitar a incorporación do alumnado afectado pola suspensión da actividade lectivo presencial durante o curso 2019/2020, o equipo directivo elaborara un **Programa de acollida** que será presentado ao Consello Escolar do centro e que se desenvolvera nas dúas primeiras semanas do curso, coa organización de actividades globalizadas que informen, polo menos, dos seguintes aspectos:

a) Novas normas de organización e funcionamento do centro.

b) Actuacións de prevención, hixiene e protección.

c) Accións formativas para a mellora da competencia dixital do alumnado necesaria para o seu desenvolvemento na modalidade de ensino presencial ou, de ser o caso, non presencial.

d) Atención aos aspectos emocionais e sociais, mediante a realización de actividades grupais de acollida e cohesión.

O equipo directivo procedeu á súa elaboración e preséntao á comunidade educativa na data abaixo indicada para que se realicen as achegas previamente á celebración do Consello Escolar no que se tratará a súa aprobación.

DATA DE PRESENTACIÓN AO CONSELLO ESCOLAR

Índice

- a) Novas normas de organización e funcionamento
- b) Actuacións de prevención, hixiene e protección
- c) Accións formativas para a mellora da competencia dixital do alumnado necesaria para o seu desenvolvemento na modalidade de ensino presencial ou, de ser o caso, non presencial
- d) Atención aos aspectos emocionais e sociais, mediante a realización de actividades grupais de acollida e cohesión

a) Novas normas de organización e funcionamento do centro.

Ao inicio de curso enviarase unha circular informativa cun resumo dos aspectos máis significativos con respecto a estas novas normas de organización e funcionamento do centro.

USO DE MÁSCARA

O uso de máscara será obrigatorio para todo o persoal e alumnado maior de 6 anos, tanto dentro como fóra da aula con independencia do mantemento da distancia interpersoal. Será obriga do alumnado levar unha segunda máscara de cambio, así como un estoxo específico para gardala en caso necesario, como por exemplo no comedor.

Na etapa de Ed. Infantil sempre que sexa posible usarase a máscara. Na entradas, saídas e nos percorridos polo centro.

ORGANIZACIÓN DO CENTRO

Os grupos cos que contaremos este ano son:

Espazo do Grupo de Convivencia	Alumnado	Titor/a	Especialistas
Aula Infantil 1(planta baixa edificio infantil)	4º Ed. Infantil A	Beatriz Lorenzo chao	-Clara Mª Rosende Durán - Mª Luisa Romero Puente -Yolanda Neira Gulias - María Furelos Ben
Aula Infantil 2 (planta baixa edificio infantil)	4º Ed. Infantil B	Isabel Vicente VInseiro	
Aula. Infantil 3(planta baixa edificio infantil)	5º Ed. Infantil A	Consuelo Mato Porto	
Aula Infantil 4 (planta baixa edificio infantil)	5º Ed. Infantil B	Remedios Chao Sangiao	
Aula Infantil 5 (1º planta edificio infantil)	6º Ed. Infantil A	Sonia Porto Tato	
Aula. Infantil 6 (1º planta edificio infantil)	6º Ed. Infantil B	Rebeca Fragoso López	
Aula Primaria PA4	1ºEd. Primaria A	Beatriz Constenla	

		Fernandez	Jesús Ameijeiras García
Aula Primaria PA5	1º Ed. Primaria B	Sonia Barcala Sanmarco	Mº Luisa Romero Puente Yolanda Neira Gulias Isaura Tato Carbajales
Aula Primaria PA1	2º Ed. Primaria A	Milagros López Penela	Clara Mª Rosende Durán
Aula Primaria PA2	2º Ed. Primaria B	Begoña Ansedes Domínguez	Jesús Ameijeiras García Mº Luisa Romero Puente
Aula Primaria PA3	2º Ed. Primaria C	Mª José Magariños Durán	Yolanda Neira Gulias Isaura Tato Carbajales
Aula Primaria PA9	3º Ed. Primaria A	Mª Rosalía Couceiro Ulla	Jesús Ameijeiras García
Aula Primaria PA10	3º Ed. Primaria B	José Luis Castro Castro	Mónica Vicente Castro Mª Jesús Tato Carbajales Yolanda Neira Gulias Elena Canedo de la Torre
Aula Primaria PA12	4º Ed. Primaria A	Ana Vilas Iglesias	Mónica Vicente Castro
Aula Primaria PA13	4º Ed. Primaria B	María Gómez López Antonio J. López Vicente	Mª Jesús Tato Carbajales Mª Isabel Porto Tato
Aula Primaria PA14	4º Ed. Primaria C	Teresa Barreiro Reboredo	Antonio J López Vicente Elena Canedo de La Torre
Aula Primaria PA7	5º Ed. Primaria A	Concepción Durán Bernardez	Mónica Vicente Castro Herminia Fraga Cabarcos
Aula Primaria PA8	5º Ed. Primaria B	Rocío Calviño Cerviño	Mª Isabel Porto Tato Antonio J López Vicente Lidia Rodríguez da Silva
Aula Primaria P16	6º Ed. Primaria A	Mateo Campos valcárcel	Mónica Vicente Castro
Aula Primaria P15	6º ed. Primaria B	Xosé Méndez Costas	Herminia Fraga Cabarcos Mª Isabel Porto Tato Antonio J López Vicente Lidia Rodríguez da Silva

Cada un destes grupos será considerado un GRUPO ESTABLE DE CONVIVENCIA.

O alumnado de cada grupo pode relacionarse entre si, pero ten que evitar a relación co resto dos grupos estables.

Evitar que os grupos estables de convivencia se relacionen entre si obriga a organizar entradas, saídas e recreos diferentes entre outos aspectos.

IMPORTANTE: Só poden acceder ao recinto escolar os acompañantes do alumnado de Educación Infantil. Os acompañantes do alumnado de Educación Primaria non poden acceder ao patio nin ao edificio.

Tanto nas entradas como nas saídas hai que evitar as aglomeracións de persoas.

Por elo, só deberá vir un acompañante por cada alumno ou alumna, será fundamental a puntualidade, non se debe chegar demasiado cedo, en canto o alumno/a entre ou saía os acompañantes deben abandonar os arredores do centro para evitar a formación de grupos de persoas.

Recomendámosvos que evitedes que os acompañantes sexan persoas de risco.

ENTRADAS EDUCACIÓN INFANTIL.

As entradas e saídas do centro serán escalonadas.

As 9:10 abriremos o portal verde grande onde estará un profesor de garda.

6ºEducación Infantil A entrará as 9:15 polo portal verde grande con un acompañante e circulará pola dereita ata chegar a rampa que está na parte traseira do edificio de infantil. Alí estará a titora esperando para incorporalos á fila facer a desinfección de mans e levalos a súa aula. Os acompañantes deberán circular pola parte esquerda do edificio ata a saída do recinto escolar.

6ºEducación Infantil B entrará as 9:25 polo portal verde grande con un acompañante e circulará pola dereita ata chegar a rampa que está na parte traseira do edificio de infantil. Alí estará a titora esperando para incorporalos á fila facer a desinfección de mans e levalos a súa aula. Os acompañantes deberán circular pola parte esquerda do edificio ata a saída do recinto escolar.

5ºEducación Infantil A e B entrará as 9:30 polo portal verde grande con un acompañante e circulará pola dereita ata chegar a porta de entrada da súa aula (falamos das entradas individuais das aulas que dan ao patio de infantil). Alí estará a titora esperando para facer a desinfección de mans e incorporalos a

aula. Os acompañantes deberán circular pola parte esquerda do edificio ata a saída do recinto escolar.

4ªEducación Infantil A e B entrará as 9:45 polo portal verde grande con un acompañante e circulará pola dereita ata chegar a porta de entrada da súa aula (falamos das entradas individuais das aulas que dan ao patio de infantil). Alí estará a titora esperando para facer a desinfección de mans e incorporalos a aula. Os acompañantes deberán circular pola parte esquerda do edificio ata a saída do recinto escolar.

SAÍDAS EDUCACIÓN INFANTIL

As 13:40 abriremos o portal verde grande onde estará un profesor de garda.

6ªEducación Infantil A sairá as 13:45 pola rampa onde estarán en fila esperando coa súa titora a ser recollidos. Abandonarán o centro circulando polo lado esquerdo do edificio, sen pararse para evitar posibles aglomeracións.

6ªEducación Infantil B sairá as 13:50 pola rampa onde estarán en fila esperando coa súa titora a ser recollidos. Abandonarán o centro circulando polo lado esquerdo do edificio, sen pararse para evitar posibles aglomeracións.

5ªEducación Infantil A e B sairá as 14:00 pola porta da súa aula que da ao patio de Ed. Infantil onde serán entregados pola súa titora. Abandonarán o centro circulando polo lado esquerdo do edificio, sen pararse para evitar posibles aglomeracións.

4ªEducación Infantil Ae B sairá as 14:10 pola porta da súa aula que da ao patio de Ed. Infantil onde serán entregados pola súa titora. Abandonarán o centro circulando polo lado esquerdo do edificio, sen pararse para evitar posibles aglomeracións.

PERÍODO DE ADAPTACIÓN 4º DE EDUCACIÓN INFANTIL

DÍAS	HORA	GRUPO
SEMANA 10- 11	09:45 –11:00	GRUPO 1
	12:45 –14:10	GRUPO 2
SEMANA 14 - 18	09:45 –11:00	GRUPO 2
	12:45 –14:10	GRUPO 1
SEMANA 21 - 25	09:45 –11:00	GRUPO 1
	12:45 –14:10	GRUPO 2
SEMANA 28 - 30	11:00 –14:10	GRUPO 1 + 2

Os grupos de alumnos estarán formados por 9 nenos/as cada un.

ENTRADAS E SAÍDAS DURANTE TODO O CURSO (AGÁS OS DÍAS 10 E 11 DE SETEMBRO)

ENTRADAS ED. PRIMARIA

6º e 5º Educación Primaria entrará as 9:10 pola porta verde pequena da entrada principal onde haberá un profesor de garda. Estes alumnos entrarán ao edificio a medida que cheguen ao centro. Terán de tempo ata ás 9:20. O alumnado de 6º entrará ao edificio pola porta principal e o alumnado de 5º dará a volta ao cole circulando pola dereita do mesmo e entrará no edificio pola porta traseira.

4º Educación Primaria A, B e C entrarán as 9:15 pola cancela verde pequena onde haberá un profesor de garda indicándolle a entrada á parte baixa do centro de primaria (**para os grupos A e B**) onde os alumnos irán formando as filas para subir á súa aula. **O grupo C subirá directamente á súa aula.** Entrarán pola parte principal do edificio de primaria. Haberá sempre un profesor dándolle as indicacións oportunas e vixiar que se cumpran as normas de seguridade.

3º Educación Primaria A e B entrará as 9:25 pola cancela verde pequena onde haberá un profesor de garda indicándolle a entrada á parte baixa do centro de primaria onde os alumnos irán formando as filas para subir á súa aula. Haberá sempre un profesor dándolle as indicacións oportunas e vixiar que se cumpran as normas de seguridade.

2º Educación Primaria A, B e C entrarán as 9:35 pola cancela verde pequena onde haberá un profesor de garda indicándolle a entrada á parte baixa do centro de primaria (**para os grupos A e B**) onde os alumnos irán formando as filas para subir á súa aula. **O grupo C subirá directamente á súa aula.** Entrarán pola parte principal do edificio de primaria. Haberá sempre un profesor dándolle as indicacións oportunas e vixiar que se cumpran as normas de seguridade.

1º Educación Primaria A e B entrará as 9:45 pola cancela verde pequena onde haberá un profesor de garda indicándolle a entrada á parte baixa do centro de primaria onde os alumnos irán formando as filas para subir á súa aula. Haberá

sempre un profesor dándolle as indicacións oportunas e vixiar que se cumpran as normas de seguridade.

SAÍDAS ED. PRIMARIA.

Sentido de circulación sempre pola esquerda para saír do recinto escolar.

6º Ed. Primaria sairán ás 14:00 pola parte principal. Os país/nais titores legais deberán esperalos fóra da cancela verde.

5º Ed. Primaria sairán ás 14:00 pola parte traseira. Os país/nais titores legais deberán esperalos fóra da cancela verde.

SE ALGÚN PAI/NAI/TITOR LEGAL NON PERMITE QUE O ALUMNO/A SALGA SÓ Á CANCELA VERDE ESPERARÁ A QUE LLE SEXA ENTREGADO O ALUMNO/A POLO TITOR/A.

4º Ed. Primaria A, B e C sairán ás 13:45 pola parte principal. Os alumnos **de A e B farán as filas na parte baixa do centro** igual que cando entran. O alumnado de C fará a fila polas escaleiras de entrada co profesor que entregará aos alumnos e serán os primeiros en ser entregados. Unha vez salga C sairá a fila de A e logo a de B. Os país/nais titores legais deberán esperalos fóra da cancela verde e esperar a entrega por parte do profesorado.

3º Ed. Primaria A, B sairán ás 13:55 pola parte principal. Os alumnos farán as filas na parte baixa do centro igual que cando entran. Os país/nais titores legais deberán esperalos fóra da cancela verde e esperar a entrega por parte do profesorado.

2º Ed. Primaria A, B e C sairán ás 14:05 pola parte principal. Os alumnos **de A e B farán as filas na parte baixa do centro** igual que cando entran. O alumnado de **C** fará a fila polas escaleiras de entrada co profesor que entregará aos alumnos e serán os primeiros en ser entregados. Unha vez salga C sairá a

fila de A e logo a de B. Os pais/nais titores legais deberán esperalos fóra da cancela verde e esperar a entrega por parte do profesorado.

1º Ed. Primaria A, B sairán ás 14:15 pola parte principal. Os alumnos farán as filas na parte baixa do centro igual que cando entran. Os pais/nais titores legais deberán esperalos fóra da cancela verde e esperar a entrega por parte do profesorado.

Cada grupo unha vez no centro e na porta da súa aula aplicarán o xel hidroalcohólico nas mans antes de entrar na aula.

Para realizar unha correcta explicación sobre estas modificacións e o desenvolvemento do plan de actuación, realizaranse antes do comezo de curso reunións por nivel coas familias.

Estas reunións terán lugar en distintas dependencias do centro, salón de actos, patio traseiro, campo de fútbol... baixo as seguintes normas de seguridade:

- Un único asistente por alumno/a.
- Separación entre cadeiras dun mínimo de 1,5m
- Obrigatorio o uso de máscara entre os asistentes.
- Entre reunións haberá entre 30'- 45' de separación, tempo no que se ventilará o salón de actos e realizaranse labores de limpeza nas cadeiras empregadas e no resto do recinto.


As datas e horas para cada nivel educativo quedan reflectidas na seguinte táboa:

Nivel	Data	Hora
3 anos	03/09/2020	19h
4 anos	04/09/2020	9.30h
5 anos	04/09/2020	11.30h
1º de primaria	08/09/2020	17:00h
2º de primaria	07/09/2020	12:00h
3º de primaria	07/09/2020	18:00h
4º de primaria	07/09/2020	17:00h
5º de primaria	07/09/2020	11:00h
6º de primaria	08/09/2020	11:00h

HORARIO 1º DÍA 10-11 SETEMBRO

Como o alumnado ten que adquirir novos hábitos que implican tanto o cambio da porta de acceso ao colexio como de ruta que debe seguir para chegar á súa aula, o que sumado ao alumnado que cambia de ciclo, mestre/a e aula, fai necesario organizar dun xeito especial o **primeiro día lectivo**. Para evitar aglomeracións e confusións propias desa primeira xornada, flexibilizaremos **os horarios** organizando as seguintes quendas:

Cursos	Zona de recepción	Hora de entrada	Hora de saída
DÍA 10 SETEMBRO (PRIMEIRA QUEDA DE ENTRADA) só estes curso			
4º Ed. Infantil Día 10	Portas aula	Según período de adaptación	Según período de adaptación
5º Ed. Infantil día 10	Portas aula	GRUPO A : 10.15 h GRUPO B: 10.45 h	14.00h todos polas portas aula
1º Ed. primaria día 10	Porta principal	GRUPO A : 12:00 h GRUPO B : 12:30 h	14.15h
2º Ed. primaria día 10	Porta principal	GRUPO A : 10:30 h GRUPO B: 11:00 h GRUPO C: 11.30 h	14.05 h.
3º Ed. primaria día 10	Porta principal	GRUPO A : 9.30 GRUPO B: 10.00	13.55h
DÍA 11 SETEMBRO (SEGUNDA QUENDA DE ENTRADAS) só estes cursos			
6º Educación infantil	Rampa secretaría	GRUPO A: 10:15 h GRUPO B: 10:45h	13:45 H. 13:55H.
6º Educación primaria	Porta principal	GRUPO A: 09:10 H. GRUPO B: 09:10 H	14:00h.
5º Educación primaria	Porta principal	GRUPO A: 10:30 H. GRUPO B: 11:00 H	14.00h
4º Educación primaria	Porta principal	GRUPO A: 10:00 h GRUPO B: 11:15h GRUPO C: 10:15H	13:45 h.



O alumnado que entrou o día 10 de setembro o venres acudirá en horario habitual.

TODOS OS CURSOS ENTRARÁN SEGUINDO O HORARIO ESTABLECIDO O LUNS 14 DE SETEMBRO

Nestes primeiros día de clase, o alumnado estará unicamente co seu titor/a, que será o encargado/a de informar das novas normas de organización e funcionamento, en coordinación co profesorado especialista, que, de ser necesario, pasará polas aulas para informar das peculiaridades que afecten á súa área.

Os horarios de recreo respectaranse, deixando a posibilidade de que o alumnado de educación infantil faga un segundo recreo.

O resto da mañá adicarase a ensaiar co alumnado as entradas, saídas, zonas de recreo, recordo das normas de hixiene, distanzamento social...

Durante todo o mes de setembro as actividades relacionadas con estes aspectos ocuparan gran parte da xornada lectiva.

Ao longo deste mes o profesorado traballará co seu alumnado o emprego da aula virtual co fin de estar preparados ante unha posible suspensión de clases.

O primeiro día de clase os nenos e nenas só teñen que traer unha axenda ou libreta e un bolígrafo ou lapis.

Este curso, o alumnado de Educación Primaria non poderá deixar os libros e o material na clase, cada día deberán traer o que precisen. Ademais, tódolos días, deberán traer unha bolsa co nome, para deixar a máscara se nalgún momento deben prescindir dela.

RECREOS

Ed. Infantil:

Faranse dúas quendas unha de 11:30 a 12:00h e outra de 12:00 a 12:30. Na primeira quenda sairán os cursos A e na segunda os cursos B.

Ed. Primaria:

Faranse dúas quendas unha de 11:30 a 12:00h e outra de 12:00 a 12:30h. Na primeira quenda sairán 1º, 2º e 3º e na segunda quenda sairán 4º, 5º e 6º.

ATENCIÓN SECRETARÍA/DIRECCIÓN

Só se atenderá presencialmente con cita previa.

Podedes solicitala a través do teléfono (886151028--886151029)ou do correo electrónico (ceip.perez.viondi@edu.xunta.es).

Tamén podedes empregar estas vías para calquera dúbida, consulta ou suxerencia.

TITORÍAS.

Nas reunións de titorías e nas comunicación por outros motivos coas familias priorizarase a comunicación por teléfono ou videochamada, deixando constancia da mesma nos pertinentes documentos.

.

ORIENTACIÓN

Priorizarase a comunicación por teléfono ou videochamada, deixando constancia da mesma nos pertinentes documentos.

Só se atendera presencialmente en casos excepcionais e sempre con cita previa.

SERVIZOS COMPLEMENTARIOS

Este curso contamos co servizo de Madrugadores e Comedor. Suprimiuse o plan concilia que se desenvolvía en horario de 16:00h a 18:00h.

USO DO COMEDOR

A capacidade das nosas instalacións de comedor con unha previsión de 55 comensais permítenos manter os grupos estables de convivencia sen necesidade de establecer quendas.

O alumnado accederá ao comedor por grupos de convivencia acompañados polas monitoras correspondentes e a máscara posta ata que estean sentados. A entrada do comedor desinfectarán ás máis con xel hidroalcohólico.

A distribución do alumnado será en base aos devanditos grupos de convivencia, mantendo en todo caso a distancia de 1,5 metros entre grupos. A disposición dos usuarios será en zigzag e respectando 1 metro de distancia lateral. Se algún día puntualmente, houbera un único alumno dunha unidade de convivencia, ubicaríase coa outra unidade do seu mesmo curso nun dos extremos e mantendo o 1,5 m. requeridos para a separación entre unidades de convivencia.

Unha vez rematado o servicio de comedor e ata que as familias recollan aos alumnos/as estes permanecerán agrupados por unidades de convivencia e coa monitora asignada.

Se a climatoloxía o permite e a criterio das monitoras poderán saír ao patio mantendo sempre a distancia de seguridade.

A recollida por parte das familias efectuarase de xeito escalonado en horario de 15:00 a 16:00, debendo respectar sempre as distancias e sinalización do chan.

b) Actuacións de prevención, hixiene e protección.

Prevención:

O centro educativo non é alleo á situación social e, polo tanto, establecendo un paralelismo coas normas xerais de prevención para calquera cidadán, os obxectivos serán os seguintes:

- ***Evitar aglomeracións:***
 - Diseminar as entradas e saídas do alumnado.
 - Dispersar as rutas que segue o alumnado para acceder á súa aula.
 - Establecer quendas de recreo.
 - Dividir o patio para que cada nivel educativo dispoña dunha zona de recreo.
 - Regular o acceso aos aseos

- ***Distancia social:***

- Distribuír as mesas nas aulas de tal xeito que exista a maior separación posible entre o alumnado atendendo ao número de alumnos/as por aula e ao espazo dispoñible.

- Evitar situacións de contacto físico.

- ***Responsabilidade individual:***

- O profesorado debe comprometerse a facer un autotest antes de acudir ao centro para evitar ir a traballar con sintomatoloxía compatible coa covid.

- As familias deben adquirir o compromiso firme de non enviar aos seus fillos/as ao colexio se presentan algúns dos síntomas compatibles coa covid; para elo deberán facer un test diario no que comprobén a temperatura, a presenza de tose seca, dificultade respiratoria, a perda de olfacto ou gusto, dor muscular, fatiga severa ou diarrea.

Hixiene:

Neste apartado resumimos as accións a levar a cabo para reforzar a hixiene xeral do centro e a adquisición de hábitos e rutinas de responsabilidade individual.

- ***Hixiene xeral do centro:***

- Reforzar o servizo de limpeza aumentando o persoal.
- Realizar desinfeccións dos aseos tres veces por mañá.
- Facer limpeza de aulas e espazos comúns pola tarde.
- Establecer un control da ventilación correcta e abundante das aulas.
- Desinfección dos elementos de uso común por parte do alumnado.

- ***Hixiene persoal:***

- Facer varias limpeza e desinfección das mans, para o que haberá dispensadores de hidroxel nas aulas e xabón líquido nos baños.
- Adquirir hábitos como tusir ou esberrar contra o cóbado, evitar tocar a cara ou levar obxectos á boca.
- Aprender a manipular correctamente as máscaras.

- Rutinas de responsabilidade individual:

- Os usuarios de espazos e elementos comúns deben adquirir a conciencia de que debe recaer sobre eles a desinfección previa ao uso. Para iso haberá elementos de limpeza e desinfección específicos ou ben panos desbotables e xel. Pode parecer unha medida de “descarga de responsabilidade” ou “abandono de funcións”, pero é todo o contrario, supón un exercicio de educación cívica e respecto.
 - Exemplo: antes de usar un ordenador, debo, como usuario, coller un pano con xel e desinfectar o teclado e rato, acción que debo repetir cando finalice o seu uso.

- Limpeza de elementos propios de traballo: cada mestre ou cada alumno ten uns elementos de emprego persoal, como son a mesa de traballo, bolígrafos, etc. É moi saudable interiorizar a limpeza deses elementos de xeito periódico, o que non exime da limpeza que poida facer o persoal de limpeza.
 - Exemplo: a mesa, como espazo de traballo propio, pode ser receptora de gotículas e o feito de pasar un pano con xel axuda a manter limpa e desinfectada esa zona de contacto case permanente. Como se indica no parágrafo anterior, isto non elimina a limpeza que poida realizar o persoal de limpeza.

- Facilitar o labor do persoal de limpeza: as nosas accións repercuten no traballo doutras persoas. Resultaría inadmisíbel que o persoal de limpeza teña que colocar antes de limpar, é traballo do alumnado e do profesorado ter as mesas ordenadas, os armarios, deixar as cadeiras levantadas e non deixar cousas polo chan. Deste xeito, o persoal de limpeza pode optimizar o seu tempo de traballo e dedicalo aos labores propios.

- Elementos de limpeza a disposición da comunidade docente:

- Xel: en todas as aulas e espazos comúns
- Xabón: nos aseos e botiquín.
- Panos desbotables: en todas as aulas, baños e espazos comúns.

- Toallas desinfectantes: nas aulas de educación infantil e aulas especiais (música e EF)
- Solución desinfectante: nas aulas

Protección:

- *Uso de máscara:*

- Uso obrigatorio para todo o profesorado.
- Uso obrigatorio para todo o alumnado en zonas comúns e recreos.
- Uso obrigatorio para todo o alumnado de primaria dentro das aulas.

- *Pantallas:*

- Para aquelas actividades lectivas nas que o emprego de máscara sexa incompatible.
- Para as tarefas de desinfección e limpeza de baños (o gafas de protección ocular).

- *Mamparas:*

- Para realizar trámites coas familias instalouse unha en administración e secretaría.
- Nas aulas de PT e AL, nas que se empregarán para a realización de tarefas que o requiran.

C)Accións formativas para a mellora da competencia dixital do alumnado necesaria para o seu desenvolvemento na modalidade de ensino presencial ou, de ser o caso, non presencial.

Accións para os grupos de EI e de Educación Primaria ata o 4º curso:

Ao inicio de curso e seguindo a proposta recollida na memoria TIC do curso 2019/2020 dedicaranse varias sesións co alumnado para a familiarización da aula virtual, tanto no acceso como no funcionamento. Cada alumno e alumna recibirá unha etiqueta co seu usuario e contrasinal que deberán pegar na súa axenda para evitar perdas. Dedicarase un tempo a explicar a privacidade dos contrasinais e o uso seguro das mesmas. No caso do alumnado de EI 4º e 5º nivel solicitarase a colaboración das familias que recibirán o usuario e contrasinal vía abalarMóbil, así como un pequeno manual sobre o funcionamento da nosa Aula Virtual.

Propónse tamén a todo o profesorado (proposta a incluír no Plan TIC anual do centro) o emprego da Aula Virtual no ensino presencial por lo menos unha vez quincenalmente con tarefas diversas para unha correcta preparación ante un posible ensino a distancia.

Para o profesorado de nova incorporación haberá nos primeiros día de setembro unha xornada informativa sobre o funcionamento da aula virtual, así como das súas posibles utilizacións, tamén se establecerán pautas comúns cara o alumnado para a utilización deste espazo: como identificar os arquivos a enviar, prazos de entrega, medios válidos de arquivos, etcétera. A realización destas xornadas correrán a cargo do coordinador TIC do centro.

Para o resto da comunidade educativa estarán accesibles na nosa web os vídeo titoriais sobre a aula virtual.

Ao inicio de setembro deberase proceder a actualización da base de datos realizada o curso pasado sobre os medios tecnolóxicos existentes no fogar

para detectar problemas e poder darlle solución ante un posible ensino a distancia. No caso de que a carencia sexa de equipamento, o centro procederá ao préstamo dos antigos equipos Abalar e se o problema fose de conectividade procederíase a solicitar a colaboración da Consellería e do Concello.

Accións para os grupos Edixgal (5º e 6º de Educación Primaria)

En 6º, asignarlle o antes posible as credenciais novas. Como xa coñecen a plataforma, farase un pequeno repaso co contidos traballados.

En 5º, asignar as credenciais tamén o antes posible e empezar a traballar cos PCs cargando diferentes contidos, realizando tarefas coas diferentes modalidades que ofrece a plataforma, etc. A cuestión é ver canto antes as posibilidades que hai para traballar cos PCs..Haberá que axilizar a carga de contidos na plataforma e realizar diferentes traballos a través da mesma.

d) Atención aos aspectos emocionais e sociais, mediante a realización de actividades en grupo de acollida e cohesión.

- Os cambios na forma de relacionarse na sociedade deben chegar, por desgracia, tamén ao colexio. Nesta volta ás aulas temos que aprender a socializar con distancia, sen contacto físico ou transmitir emocións sen poder mostrar parte das nosas facianas.
- Tanto para mestres como para alumnos supón un cambio enorme na interacción habitual e require dun tratamento específico nas aulas.
- A mímica pode ser unha ferramenta moi útil para substituír accións que implican contacto físico, como unha aperta. O deseño deste tipo de xogos e dinámicas deberían estar presentes nas primeiras sesións e semanas.
- A nivel social é importante que traballemos o tratamento que reciben as persoas contaxiadas. Estar afectado polo virus non debe ser motivo de discriminación, senón de comprensión e empatía, debemos evitar o rexeitamento social dende a empatía, pois calquera nós podemos pasar por esa situación aínda sen ter cometido actos imprudentes. Polo tanto, se temos a mala sorte de que un compañeiro/a contrae a enfermidade, non podemos culpalo nin demonizalo, senón apoiálo e coidalo emocionalmente.
- O mesmo temos que facer coas persoas que presenten síntomas compatibles, tomar precaucións non implica desprezo e rexeitamento, polo que debemos facer actividades de sensibilización neste eido.
- Outro aspecto sobre o que debemos incidir no tratamento transversal do tema é a difusión de bulos e as bromas relacionadas co virus. Temos que formar ao noso alumnado para que non caia en cadeas de transmisión de información que non estea fundamentada e confirmada, estamos nunha época na que se pode ferir a compañeiros/as facendo comentarios en torno ao seu estado de saúde que poden alterar a convivencia no colexio. Sucede o mesmo coas bromas de mal gusto relacionadas co coronavirus, non cabe dúbida de que o emisor seguramente non teña intención ofensiva, pero pode darse o caso de que nenos/as con parentes ou coñecidos afectados/as poidan verse violentados por esta situación, polo que temos que intentar evitalas.
- A perda de liberdade do alumnado é máis que evidente, xa que son moitas as limitacións que se atopará no retorno ao colexio. Será importante transmitir que se trata dunha situación transitoria e que ese esforzo vai en beneficio de todos/as, e como cidadáns debemos cumprir con estas restricións cun único obxectivo: contribuír a frear o virus e conseguir que todo isto acabe.

- O alumnado necesita ser escoitado, polo que debemos deseñar accións que induzan a que se exprese, a que transmita emocións, opinións, incluso a que aporten solucións, deste xeito podemos facelos partícipes de todas as medidas adoptadas para evitar contaxios.

Dende a Comisión de Coordinación Pedagóxica tratarase de facer propostas concretas e de complementar este apartado unha vez que se reúna no mes de setembro.